



**ACORDOS DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN PERMANENTE DA
ETSAC CELEBRADA O DÍA 14 DE OUTUBRO DE 2013**

1.- Realizar unha modificación puntual na composición dos tribunais de PFC, nomeando como vogal suplente do Tribunal 2 da área de Construcións Arquitectónicas á profesora M^a Jesús Dios Viéitez.

2.- Aprobar os tribunais de 5^a, 6^a e 7^a convocatorias para o curso académico 2013/14.

3.- Subscribir o acordo da Comisión Permanente do Departamento de Construcións Arquitectónicas do 27 de setembro, respecto dos tribunais de 5^a, 6^a e 7^a convocatorias das materias Construción I e Construción III da convocatoria de setembro do curso académico 2012/13.

4.- Para a aplicación da Resolución Reitoral pola que se regula a derradeira convocatoria daquelas materias que non teñan dereito a exame, por seren de cursos totalmente extinguidos, correspondentes a titulacións da ordenación académica anterior á establecida polo Real Decreto 1393/2007:

- Acórdase considerar dúas convocatorias de exame no curso académico 2013/14, que terán lugar nos períodos de avaliación das convocatorias de decembro e xuño da Titulación de Arquitecto. Así mesmo, apróbanse os prazos de solicitude do alumnado e da preceptiva resolución da Comisión Docente, que serán publicados na web do centro.
- Aprobar a composición dos Tribunais que actuarán nesta convocatoria no curso 2013/14.

5.- Nomear como coordinadores de prácticas externas aos profesores Margarita Lorenzo Durán e Evaristo Zas Gómez.

6.- Apoiar o nomeamento como Doutora Honoris Causa pola Universidade de Valencia da arquitecta Kathryn Gustafson.